

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dirixidas a concellos, incluídas no programa de axudas encamiñadas á habilitación e á mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, que se inclúen como anexo I a esta orde.
2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións conforme as bases reguladoras aprobadas nesta orde para o ano 2019.
3. Este procedemento administrativo ten asignado o código IN519B.

Artigo 2. Crédito orzamentario

1. As subvencións outórganse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019, de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación	Denominación	Importe en euros
09.20.732-A 760.0	Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais.	4.050.541,00

2. Estas axudas imputaranse á aplicación orzamentaria indicada, de conformidade co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no cal se establece a tramitación anticipada de expedientes de gasto e se condiciona a concesión destas axudas á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de adxudicación.

3. Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

4. O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

5. Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.